REVISTA MENSUAL
DE CRENTES GALEGOS
ANO XLII
Nº 1062
De agosto a setembro de 2024

Benia quen constrúe a paz!

ROMARIA 2024

Coidar da xente coidando a terra Coidar da terra coidando a xente

A foto que fala

A Quenlla presenta no **xardín do Pazo de San Marcos** o disco 'Na lírica emoción', no que pon música a doce poemas de Avelino Díaz.

O trasno

Daniel López Muñoz

Negacionismos de baixa intensidade

A política debería ter que ver coa boa pedagoxía. Cando menos, a de esquerda. Ou, xa postos, calquera política que se teña por democrática e responsable, que visto o visto xa sería gloria bendita. Xa os clásicos, como Aristóteles, daban por certo que quen goberna e lexisla é tamén o mellor educador da cidadanía. E, como adoita dicir o meu colega Pepiño Prada -e a vida mesma nos ensina-, quen pode o mellor, pode, tamén, o peor.

Isto vese con especial intensidade na política local, a das "polis", (e non nos referimos ás mulleres policías das series de Netflix, senón ás "cidades", en grego).

As teimas e prioridades dos gobernantes educan un tipo de cidadanía ou outro. O máis tentador na política local é montar a cabalo do emocional. E non hai nada tan emocional como o agravio e a vitimización. Lograda esta, a xente traga todo.

O inesquecible Vázquez, surfeou o agravio de non ser A Coruña a capital do novo Reino Autonómico de Galicia. Afanouse no desagravio, cortando coa motoserra (desculpas pola analoxía transatlántica sobrevida e non buscada) as raíces galegas da súa "polis", e convertendo a loita por un artigo determinado, femenino, singular, "La", no tótem dunha nova identidade colectiva. En Madrid estaban tan fascinados que lle financiaban todo o financiable, coma un porto exterior para o que se levan varios quinquenios buscando unha razón de ser. A pedagoxía implícita podería ser que o desenvolvemento urbano ilimitado e dispendioso é directamente proporcional á negación da identidade e idiomas propios. Ollo!, que non é unha mala lección.

Todo pode ser superado. O seu continuador sorpresa xorde no sur, "eterno rival", disque. Mesmo partido, estratexia parella, poderosos argumentos: a Xunta non nos quere, a TVG ignóranos. E outras teimas. Superándose, neste verán xa iniciaba a iluminación megalómana do vindeiro nadal. Luz a esgalla cunha man, arboricidio na Gran Vía coa outra, para automatizala, e que se poida pasear sen andar. E motoserra -aquí si, literal- na Gran Vía, ... e na Ronda de don Bosco, en Gregorio Espiño, no paseo de Samil, ...

Xusto cando en toda Europa, anticipándose aos efectos do cambio climático, se fala de renaturalizar as cidades, dunha árbore por cada 15 metros cadrados, de reconverter o asfalto en illas de verdor. Cando na olímpica París, nun plan de urbanismo bioclimático, falan de 300 hectáreas adicionais de parques, e xa "verdificaron" a vía férrea con 2000 árbores novas. Mentres todo iso pasa, Vigo lidera a competición mundial por ver quen a ten máis grande -a iluminación-, e pola tala deses molestos reguladores climáticos.

Si, hai moita pedagoxía aí.

©Foto: https://www.lavozdegalicia.es

Editorial

Feliz Romaxe contracorrente

A Romaxe de Crentes galegos, promovida pola asociación Irimia, viviu tempos nos que era parte da vangarda na transformación de Galicia. Parece grandilocuente, pero hoxe hai teses de doutoramento que estudan a importante achega na reconstrución cívica e democrática deste país daquela rede de parroquias e comunidades cristiás que no tardofranquismo e na transición souberon incorporar unha perspectiva de encarnación cultural galega e unha vivencia e unha práctica liberadora da súa fe, sempre a carón das causas xustas da xente "menos privilexiada" naquela sociedade de clases con intención democrática que emerxía tras 40 anos de ditadura. A Romaxe era parte e referencia de quen quería facer "fuxir os ventos" dos "agoireiros, dos vellos tempos" tal como berraba a letra dese himno fundacional que escribira Xoán Mato. E convocaba autobuses de xente e xuntaba 5000 persoas, nunha orixinal liturxia e festa de irmandade, esperanza e reivindicación.

Os tempos mudan. Os eventos de moita xente, en xeral, non pasan polo seu mellor momento, quitados os fenómenos "virais" e grandes concertos de grandes figuras con enormes orzamentos e promocións. As experiencias "romaxeiras" compiten mal con outras alternativas. As masas van e veñen "conducidas", como nun pesadelo de Orwell. A maiores, a sociedade actual, especialmente as xeracións emancipadas dunha tutela católica outrora asfixiante, así como os sectores "progresistas", teñen unha sospeita -con xustificacións variadas, abondosas e as máis das veces certas- sobre todo o que se defina como crente ou teña "reminiscencias relixiosas". Na propia cultura de esquerda, na conciencia emancipatoria, sófrese para convocar, organizar e mobilizar inquedanzas e persoas, máis dadas a manexarse pola vida a golpe de "clic". E, finalmente, aquelas comunidades e parroquias e aqueles curas galeguistas que se identificaban e mobilizaban son menores en número e forza vital.

> A Romaxe é unha declaración de que outra Galicia, outro cristianismo e outro mundo é posible.

Convocar a Romaxe é un acto contracorrente, case que unha ousadía contracultural. É un encontro físico, de apertas e reencontros, de poñerse ao día, de tocarse e celebrarse. É unha iniciativa de base social, sen apoio de gobernos, nin corporacións privadas, nin grupos de interese mercantil ou doutra índole. É unha declaración de que outra Galicia e outro mundo é posible, celebrando a enxebreza e a diversidade cultural e lingüística con naturalidade, sen sectarismos, con firmeza. É unha reivindicación de que outro cristianismo é posible, se non está manipulado, desactivado polas forzas da reacción e o integrismo. É un acompañamento solidario e agarimoso de iniciativas pequenas que fan unha Galicia máis solidaria, máis igualitaria, máis coidadora, máis digna e reconciliada consigo mesma.

Feliz romaxe, contracorrente e cantareira.

Amiguiños si...

Carlos Vázquez González

A distorsión da actual realidade virtual política

Coido que un criterio, convicción, norma ou práctica, tácita ou explicitamente admitidas con carácter xeral pola maioría social, constitúen unha convención. E son as convencións as que determinan, en moitos casos, as nosas actuacións e decisións. Hai convencións morais, estéticas, culturais ou políticas coas que vivimos, pensamos e actuamos.

Por exemplo, paréceme que, grosso modo, a convención máis xeral sobre o mapa político do país, que se nutre das clasificacións, cualificacións ou análises políticas vertidas acotío desde tribunas, púlpitos, cátedras ou terminais mediáticas, é a seguinte: o PP é a dereita conservadora, liberal ou neoliberal; Vox e outros epígonos son a extrema dereita fascista ou neofascista; o PSOE é a esquerda socialdemócrata; Sumar, Podemos, EU, Catalunya en Comú, Compromís, etc., son as esquerdas radicais ou social-comunistas; PNV e Junts as dereitas nacionalistas e o BNG, ERC e BILDU son as esquerdas nacionalistas. Nacionalistas periféricos porque do nacionalismo español fálase menos.

Pois ben, teño para min que esta convención xeral é unha mera "realidade virtual", é dicir, un contexto impostado e artificial, de aparencia real, que nos crea a sensación de estar mergullados nel e que distorce as nosas reflexións, valoracións e debates.

A realidade político-ideolóxica, porén, paréceme a min moi outra. Vox e os seus limítrofes son, efectivamente, a extrema dereita pero, aínda que nostálxicos do universo fascistoide, son máis ben neoliberais radicais que tentan reducir ao máximo o poder do Estado, limitándoo a pouco máis que á súa capacidade coercitiva para o "control das masas", en defensa dos intereses dos poderes económicos e

financeiros do gran capital. Tratan de "superar" a democracia apostando pola razón da forza, por riba da forza da razón.

No PP son hexemónicos os herdeiros reformistas do franquismo que consentiron na transición, pero que nunca renegaron con claridade da ditadura de Franco e procuran manter e promover postulados morais próximos ao nacionalcatolicismo. Navegan entre as posicións liberais e neoliberais, ao servizo dos mesmos intereses que a extrema dereita, conservando a democracia formal pero establecendo mecanismos e políticas que limiten o seu exercicio real. Tenden a embridar no seu seo as posicións democráticas conservadoras, liberais e cristián-demócratas, sendo, pola contra, moi permeábeis ás posicións das dereitas máis extremas.

O PSOE, orixinariamente socialista, evolucionou cara á socialdemocracia europea e hoxe derivou, desde esta posición que só conserva nominalmente, aos postulados dun partido democrático progresista, de corte social-liberal ou keynesiano, defensor dunha intervención moderada na economía e promotor dos dereitos humanos e do benestar social.

No PP son hexemónicos os herdeiros reformistas do franquismo

Os socialdemócratas actuais son en realidade, hoxe en día, a maioría das forzas que se sitúan e son situadas á esquerda do PSOE: Sumar, EU, Podemos, Catalunya en Comú, BNG, ERC, etc. É dicir, a maioría das formacións que esa "realidade virtual política" quere facernos ver como a esquerda radical ou como social-comunistas. Esta, en cambio, é a verdadeira socialdemocracia actual. Basta ver as súas propostas políticas e sociais, o seu discurso nidiamente democrático e mesmo as súas explícitas fundamentacións doutrinais.

Cremos vivir nunha época inquietante na que a mesma democracia está en perigo, e isto será así ata que colectivamente sexamos quen de rachar con esa diabólica distorsión, con esa "realidade política virtual" coa que, sen dúbida, se nos trata de confundir.

...pero a vaquiña polo que vale

Tino Santiago

Outra CRTVG é posible

Esta non é unha columna imparcial. Oscar Wilde dicía que non podemos dar unha opinión imparcial sobre as cousas que nos interesan e, se cadra por iso, as opinións imparciais carecen de valor. A min interésame, e moito, o que pasa nos medios de comunicación públicos galegos. Tenme que afectar pois foron moitos anos os que traballei na CRTVG pero, realmente, como cidadán, atinxiume desde moito antes.

Noutros tempos, na axenda de medidas para establecer unha democracia estaba a de ter uns medios públicos. Naturalmente, era un punto de debate que ía moito máis abaixo que a Amnistía, o Estatuto (ou o que fose), a legalización de partidos políticos e sindicatos, ou a propia palabra que o resumía todo: Liberdade. Pero o dos medios tamén estaba aí.

Pensábase que o incipiente aparello político que tería Galicia necesitaba dunha radio e unha TV públicas basicamente por tres motivos: porque fronte ao arquipélago de xornais e radios locais, e dos esmagadores medios estatais, necesitábase crear un espazo informativo, de comunicación, onde nos podiamos atopar todos os novos cidadáns galegos, estivésemos onde estivésemos.

En segundo lugar, pensábase que sen medios de masas en galego era imposible pretender normalización algunha do idioma. E en terceiro lugar, porque para ter cidadáns que participasen na 'Res pública' tiñan que ter a posibilidade de ter acceso á mellor información posible; informarse era, e é, caro e esixe esforzo. Estas e outras moitas razóns nas que se baseaba a creación dos medios públicos, no fondo, son as mesmas polas que hoxe nos interesan e precisan da nosa atención, non só dos profesionais, que tamén, senón de todos.

A construción duns medios públicos vai máis aló da lei actual ou da reforma

A reforma da lei da CRTVG que patrocina o goberno de Alfonso Rueda vai en contra dos fundamentos que xustifican que paguemos cos nosos impostos uns medios públicos. A análise polo miúdo do proxecto da Xunta excede o tamaño desta columna pero suxiro un experimento mental que pode revelar ben o fondo dos cambios: Que pasaría se un deputado con humor levase ao Congreso unha lei sobre os medios estatais para reforzar o poder do Goberno de Pedro Sánchez, anulase os Consellos de redacción, etc..? Que votaría o PP de Feijóo?

A construción duns medios públicos vai máis aló da lei actual ou da reforma. Necesita que a sociedade crea neles e participe no seu desenvolvemento e control. Por exemplo, que o Parlamento elixise para o Consello de Administración a profesionais competentes, non a funcionarios de partido ou colegas aos que hai que colocar. Unha práctica que veñen facendo desde hai case corenta anos todos, todos, os partidos políticos galegos.

Outra CRTVG é posible.

O peto do Santo Antón

Rubén Aramburu

Vicente Cerdeiriña, un incansable loitador pola nosa lingua

© Foto: © Arzobispado de Santiago de Compostela

Hai no Monte das Oliveiras en Xerusalén unha igrexa chamada do Paternoster. Segundo a tradición foi o lugar no que Xesús nazareno ensinou aos discípulos a rezar chamándolle a Deus abbá, e dicir noso pai. No templo hai un gran mosaico onde aparece a oración do Nosopai en linguas de todo o mundo, tamén en galego.

O día da Madalena deixounos de forma repentina o cura e grande amigo Vicente Cerdeiriña. Non formou parte do planeta Irimia, pero foi sempre un loitador incansable da nosa lingua. En 40 anos de servizo pastoral no Divino Salvador de Poio e noutras parroquias de Pontevedra fixo máis polo galego que moitos plans de normalización. Dirixiu unha folla parroquial(-Tambo) que agrupaba unhas 15 parroquias no entorno da Ría, sempre en galego. Cada mes editaba e enviaba por correo postal a máis de cen amigos ás publicacións da Parroquia: A folla parroquial, resumes e explicacións de doutrina, reflexións, oracións...todo en galego.

Vicente foi amigo íntimo de Moncho Valcarce, o cura das Encrobas. Aínda que non compartía o compromiso político de Moncho, apoiouno sempre, coidou del mesmo cando estivo baixo arresto no Mosteiro de Poio e converteuse no seu testamenteiro espiritual. Grazas a Vicente publicáronse escritos de Valcarce como o diario que publicou Encrucillada: "Revolucionario e Místico". Vicente púxolle os santos óleos a Moncho que quería facer festa tralo ritual, pero o amigo marchou chorando e non foi quen de asistir ao enterro días despois. De cando en vez, e coma un agasallo, chegaban a casa por correo textos de Moncho: homilías, oracións, reflexións enviadas por Vicente.

Poucos días antes da morte de Vicente encontrámonos en Poio. Rimos da súa inadaptación as tecnoloxías, non era capaz de entender o teléfono celular. Andaba tocado. Logo de moitos anos fallou o transplante de ril e houbo que volver a diálise tres veces por semana, cousa que o deixaba mallado. Con todo non deixou de atender as parroquias nin de acudir onde precisaran del.

Vicente peregrinou a Xerusalén hai moitos anos e contemplou o mosaico do Nosopai en tantas linguas, entre elas o vasco e o catalán, pero descubriu que faltaba o galego. Se hoxe se pode rezar o Nosopai en galego en Xerusalén foi empeño de Vicente Cerdeiriña. Coido que tamén ha estar agora en galego nas portas do Ceo.

O peto común

Teresa Souto

Todas as persoas somos vulnerables, todas temos puntos de vulnerabilidade, ou momentos, pero cando a vulnerabilidade significa a suma de causas polas que o teu día a día pende dun fino fío, todo é moito máis complicado. Se falamos de vulnerabilidade económica, de que a persoa non saiba se este mes vai poder pagar o alugueiro da vivenda, ou os gastos de luz, auga, levar comida á mesa, ou mesmo ter onde durmir, a vulnerabilidade social, no emprego, buscando un traballo, ou cando os empregos son temporais, con malas condicións, horarios que non permiten a conciliación, con soldos mínimos, ou sen cotizar todas as horas de traballo.

Cando os menores se atopan desprotexidos, sen calidade de coidados ou atencións, con proxenitores, que non poden coidalos polos traballos, por enfermidades, ou porque non cumpren as súas funcións de coidados axeitados. Cando persoas maiores que xa precisan de atencións e coidados polas súas situacións de dependencia, viven sós, senten soidade, senten necesidade, e non a reciben. Cando unha muller vítima de violencia de xénero ten que voltar ao seu "fogar", con medo, con ansiedade, con pensamentos de se será unha noite tranquila despois do traballo, ou se non poderá durmir, que ao mellor non lle agarda unha labazada, ou unha patada, ao mellor lle agardan berros, reproches, ou malas caras dun narcisista maltratador.

Todas somos vulnerables, pero desde a nosa vida non deberiamos crer que podemos xulgar as vidas doutros, ao mellor, deberiamos pensar en que podo apoiar, en que podo acompañar, en que non podo seguir facendo a esa persoa máis vulnerable, ao mellor o teu sorriso na rúa vale, ao mellor unha boa cara vale, quizais a inclusión real comeza por non xulgar e non estigmatizar.

Rumores de esperanza

Xan Guillén Vázquez

Vigo ten un algo especial. Non me refiro ao alcalde chusqueiro que teñen e que tamén é especial. Non me refiro a que é a cidade co mellor equipo de fútbol galego (seino, comezo a temporada con gañas de polémica). Do especial que quero falar é da súa calidade literaria.

A Ría de Vigo debe ter algo. Xa nolo dicía Martín Codax na Idade Media. Pero eses aires continúan e seguen dando boas creacións.

Francisco Castro xa ten unha traxectoria coñecida e contrastada. Tamén hai que recordar ao grande Domingo Villar que abriu a porta á novela negra viguesa.

Esa testemuña do noir vigués foi recollida de xeito moi brillante por Pedro Feijoo. Todas as súas novelas son boas e en todas vai mellorando. A última é moi aconsellable. "Ninguén contará a verdade" Trátase dunha historia sobre unha trama de corrupción galega. Os lugares e incluso os protagonistas son recoñecibles e están ben trazados. Coido que paga a pena mergullarse nesa historia tan viguesa, coma galega coma universal.

Vémonos na romaxe

A peneira

Beatriz Cedrón

As **BEGUINAS** eran mulleres integrantes dun movemento iniciado en Flandes no medievo, que levaban unha vida parcialmente relixiosa. Tiñan total independencia do poder masculino (familiar e eclesiástico). Vivían en comunidade e dedicaban os seus días a axudar ás persoas enfermas e sen recursos e á súa propia formación. Laicas, devotas, sen votos nin xerarquías, non escaparon da persecución. Aroa Chao revive a súa existencia no proxecto Beguin the beguine (www.sirocomag.com).

Imaxe: wikimedia

NOEMÍ VÁZQUEZ NOGUEIRAS tiña ilusión por ofrecer na súa terra, en Vilar de Santos (A Limia), un espazo para acoller exposicións, festivais, concertos e obradoiros: en definitiva, música, arte e cultura para compartir coa veciñanza. E dende que o abriu hai 10 anos ata o día de hoxe, na *Arca da Noe* xa se celebraron máis de 300 concertos e moitas actividades, nun local que recibiu en 3 ocasións o premio Martin Codax á mellor sala de concertos e que conta tamén con biblioteca, café e zona de estar.

Imaxe: www.framerusercontent.com

Demotanasia é o proceso polo que certas accións ou omisións políticas levan á desaparición da poboación dun territorio. **ADRA PALLÓN**, fotógrafo, testemuña ese camiño nun proxecto no que dende 2018 e ao longo de 5 anos compilou imaxes sobre a despoboación das aldeas galegas. Esa viaxe rematou na publicación de 70 delas en "Lumes", obra que presentou este mesmo ano. Para abrazar a grandeza deste proxecto, é moi interesante ver a peza documental de Sonda Internacional na súa páxina web.

Imaxe: wwwlugoxornal.gal

Ben sabiamos que a diminución do contacto co medio natural ten efectos negativos sobre a vida das persoas. Houbo quen lle puxo nome aos trastornos ocasionados por esa ausencia **(Trastorno por déficit de Natureza)**, mais está acreditado que deixar de relacionarse con ela é un factor de risco para moitas enfermidades físicas e mentais, como falta de concentración, ansiedade, estrés, obesidade, asma, hiperactividade ou falta de vitamina D, entre outras.

Imaxe:www.webcomosultas.com

As **LETRAS GALEGAS** homenaxearán en 2025 a creación colectiva e a transmisión do saber das cantareiras, que foi de colo en colo ata chegar aos nosos días. Dende as Pandeireteiras de Mens a Mercedes Peón ou as Tanxugueiras, pasando por toda canta agrupación de música tradicional agromou no país, a Real Academia Galega refrendou unha candidatura múltiple representativa "das moitas persoas, sobre todo mulleres, que por toda Galicia coidaron, arrequentaron e transmitiron" unha tradición centenaria.
Imaxe: www.nosdiario.gal

Segundo un estudio da Fundación Iseak realizado en España, a cidadanía ten unha percepción errónea do feito da **INMIGRACIÓN**. Así, fronte aos datos reais, a poboación tende a sobreestimar a súa dimensión (pensan que é un 27,8% da poboación total, lonxe do 16% real), e subestimar as súas características socioeconómicas (creer que a poboación migrante desempregada é o dobre da que realmente é, ou pensar que reciben catro veces máis asistencia social que a percibida). Informe en: https://iseak.eu/
Imaxe: www.agendapublica.sobrevia.net

Nébeda Piñeiro e Jasper guían un novo proxecto musical, **LOITA AMADA**, que están a amosar xa por toda Galicia. Defíneno como unha nova poesía galega na que mesturan a combatividade e sensibilidade, tentando levar unha música que nace na canción protesta galega a novos espazos e sonoridades. A través da muiñeira, do vals, da xota ou do rock expresan no seu primeiro album, *Loita Amada Revolucionaria*! esa dualidade de amor e loita, cantando á rebeldía e á esperanza.
Imaxe: www.afouta.com

Mª ÁNXELES ALVARIÑO GONZÁLEZ naceu en Serantes en 1916. Gustaba xa dende nena da historia natural, e acabou por licenciarse en Ciencias tras o paréntese da Guerra civil. Despois de varios anos como profesora de instituto, conseguiu unha praza de bióloga oceanógrafa en Vigo e comezou o estudo do zooplancto. A súa carreira continuou en Inglaterra e nos EEUU, chegando a describir 22 novas especies zooplanctónicas. Na súa memoria, un buque científico español leva o seu nome.
Imaxe: www.oceanicas.ieo.es

Ferrados de Corazón.

Rosa M. Rodriguez

Olga Romasanta ve urxente rexenerar o apego ao territorio: *"A desmemoria pode levar ao desleixo"*

A historiadora da arte e socia da cooperativa Rexenerando, Olga Romasanta, reflexiona sobre a importancia de preservar a memoria colectiva e o vínculo co territorio como alicerces para un desenvolvemento sostible en Galicia. A través de proxectos innovadores que combinan intervención social, feminismo e apego á terra, Romasanta e o seu equipo buscan resignificar espazos e activar a conciencia comunitaria fronte ás ameazas ecosociais actuais.

Olga Romasanta.

Rexenerando é unha cooperativa de intervención social. Cal é a súa filosofía?

Somos unha cooperativa sen ánimo de lucro, o que xa marca moito dos nosos valores: traballamos por un modelo no que as persoas estean realmente no centro, e non só o beneficio económico. Buscamos a transformación social desde a mirada do colectivo, o feminismo e o apego ao territorio e á historia.

O obxectivo de Rexenerando en canto á cultura, á memoria e ao territorio é lograr que as persoas comprendan e valoren os espazos que habitan e se comprometan no seu coidado e xestión. Ves unha eiva neste senso?

Si. A nosa sede está en Ferrol, onde esta eiva, que é común ao conxunto do país, é ben palpable. A desmemoria pode levar ao desleixo, coñecer só un relato único e dominante do que fomos, á polarización ou ao autoodio. Nun contexto de crise ecosocial, con graves ameazas sobre o territorio, este vínculo pode marcar a diferenza. Precisamos da memoria para resignificar os lugares, sandar feridas, e sermos conscientes do noso poder como comunidades.

Como traballades en Rexenerando para preservar e revitalizar a memoria colectiva en Galicia? Dádenos algún exemplo concreto.

> As políticas seguen centradas no lucro, a costa de facer a vida no rural totalmente indesexable.

Temos diversos proxectos que procuran servir a este obxectivo. Desde os nosos comezos promovemos paseos por Ferrol e outros lugares para divulgar os relatos subalternizados: memoria obreira, galeguismo, memoria LGBT+... Traballamos tamén con persoas maiores para recoller as súas lembranzas e divulgalas en publicacións ou outros formatos, como nos proxectos "Memoria dun século" (Cabanas), "Etnografía dos coidados para tempos de pandemia" (Bergondo) ou "A festa, de hoxe nun ano" (A Capela). Ademais, traballamos de maneira específica a cuestión lingüística e a activación de falantes en galego, que nos parece un elemento esencial para vinculármonos coa terra. Promovemos con a mocidade da comarca o Laboratorio de Apoderamento Lingüístico, por exemplo.

Segundo a vosa experiencia, cales son os valores do rural que se están perdendo?

É difícil responder a esta cuestión, porque o tema é complexo e daría para moito debate (cales son as fronteiras entre o rural e o urbano no noso territorio? Existen "valores do rural"? De que rural? Como facemos para non idealizar estas realidades?). Con todo, traballando desde unha lóxica anticapitalista, temos respecto e curiosidade pola cultura popular, sobre todo do rural, a tradición, e as prácticas que se teñen dado no noso territorio.

O noso rural está aberto a movementos que empoderen a poboación, como o feminismo?

Etnografía dos coidados para tempos de pandemia, Concello de Bergondo

Fáltanos perspectiva para responder a isto, e tamén cremos que hai moita diversidade aquí. Desde logo o que si diríamos é que, contra certos prexuízos urbanocéntricos, o rural está tan aberto coma calquera outro contexto aos movementos críticos e feministas. Experiencias que admiramos como o Festival Agrocuir ou a Arca da Noe demostran isto sobradamente. As compañeiras da cooperativa Outonía, e tantos outros proxectos que traballan sobre outras lóxicas e valores, poderían dar tamén resposta a isto.

Consideras que a nivel gubernamental se están levando a cabo iniciativas efectivas para dignificar o noso territorio e promover o desenvolvemento sostible?

É obvio que non se fai todo o que se podería facer. Os recursos e políticas poderían estar orientados a propostas transformadoras, redistributivas, dinamizadoras, que atendan ás necesidades básicas: rendas mínimas, sanidade, educación, benestar, etc. Pola contra, os proxectos estrela son o modelo turistificador do Xacobeo, afondar no monocultivo cultural e forestal, ou a última ocorrencia de Altri que fala do modelo de desenvolvemento macro fronte micro (minaría, eólicas...). As políticas seguen centradas no lucro, a costa de facer a vida no rural totalmente indesexable.

Que impacto esperas que teñan os proxectos de Rexenerando a longo prazo?

Os nosos proxectos son moi diversos, pero teñen en común a vontade de xerar un sentimento de vínculo co territorio e cos seres que o habitan, humanos e non humanos, que nos permita relacionarnos dunha maneira máis xusta a todos os niveis. Onde ser máis libres de ser quen somos, tratarnos mellor, estarmos conectadas coa nosa capacidade para construír realidades máis dignas e gozosas... Se algo diso queda, xa quedamos máis que satisfeitas

Para finalizar, que mensaxe che gustaría transmitir sobre a importancia da participación cidadá e da memoria colectiva?

A comunidade galega é algo moi amplo... Se cadra o máis importante é lembrarmos que as transformacións sociais veñen de abaixo, do colectivo, da pulsión por vivir mellor, e que hoxe, coma sempre, máis ca nunca, sabemos que iso ten que ver coa interdependencia. Estes conceptos que poden soar novos aluden a prácticas e realidades que sempre fixemos, tecendo pontes entre as persoas e os tempos. Aquí, a diferenza doutros lugares, temos frescas e vivas moitas destas experiencias. Non podemos permitirnos o luxo de perder estes saberes e vínculos. O mundo, este anaquiño de mundo, aquí e agora, precisa de toda a nosa sabedoría e compromiso.

O rural está aberto aos movementos críticos e feministas.

Máis información: www.rexenerando.com

Equipo Rexenerando

© Fotos: cedidas por Rexenerando. Charo Lopes

Un país cheo de historia/s

Felipe Arias Vilas

Celanova, terra de persoeiros, músicos e escritores

Capela de S. Miguel de Celanova

As terras de Celanova, con longa historia e moito patrimonio cultural, caracterízase ademais pola gran abundancia de persoeiros en todas as súas etapas, da antiga á máis recente, moitas veces vinculadas á Igrexa e tamén á música, destacando, sobre todo desde o século XIX, no mundo da escrita con autores de grande renome.

Comezamos o percorrido histórico no Castromao, xacemento que nos dá os primeiros nomes: polo achado dunha placa de bronce ou *Tabula hospitalis*, sabemos que Caio Antonio Aquilo, prefecto da Cohorte I dos Celtiberos. fai no ano 132 dC un pacto de hospitalidade recíproca co pobo castrexo dos Coelernos, antecedente directo dos actuais celanoveses.

A seguinte etapa céntrase preto daquel castro, en Vilanova dos Infantes (en realidade, Infantas pois eran as fillas de Alfonso X (chamado o Sabio, Afonso IX en Galicia). Alí fundaran un mosteiro e a primeira fortaleza Ilduara (ou Aldara) Eriz e o seu home Gutierre, pais de San Rosendo, a gran figura que funda Celanova (*Coelia* – dos *Coelerni- Nova*), etapa esta a do s. X moi ben representada na pequena pero marabillosa capela de S. Miguel, de estilo mozárabe, que aproveita un lugar sacro de reminiscencias prerromanas e onde asombra ver como no amencer dos equinoccios de primavera e outono o sol a atravesa pola minúscula ventá absidal cunha impresionante raiola.

S. Rosendo é, xa que logo, a figura que imprime a historia e o carácter de Celanova e do seu mosteiro, que hoxe vemos sobre todo na súa magnificencia barroca, pero que ten uns antecedentes case únicos no coro (chamado Alto) do s. XVI con representacións que nos introducen directamente no mundo da música, pois alí aparecen talladas nas 'misericordias' dos sitiais varias figuras con instrumentos, entre elas un curioso demo gaiteiro que parece identificar a música profana co mal, aspecto e criterio este que moi logo se traduciría no efecto contrario ó ver as esculturas, relevos e pinturas dos s. XVII e XVIII que enchen o resto do mosteiro, sendo de destacar as do monumental órgano onde a música xa é "celestial" e o termo non é banal pois alí ten transportado ó ceo ós presentes nos seus concertos a admirada organista Marisol Mendive.

En paralelo ás obras finais no mosteiro, a partir dos s. XVIII e XIX empezan a documentarse os grandes interpretes músicos do concello celanovés,

Demo gaiteiro no Coro alto de Celanova

Curros en Celanova

coas históricas bandas de Vilanova e de Celanova, esta última con moitas gravacións e unha das máis recoñecidas da Península. Eles son os "xingreiros" pois o músico celanovés é un xingro que idea unha xerga propia, ó estilo dun barallete ou fala corporativa e protectora da súa profesión.

Coa música estiveron relacionados dous persoeiros chamados Castor (ou Cástor): C. Elices, que foi, entre outras cousas, poeta e tamén promotor e protector das actividades musicais desde a súa casa da Alameda da vila, e C. Méndez Brandón, que foi avogado e político pero tamén barítono de renome.

Son ambos case coetáneos do escritor celanovés de maior sona, Manuel Curros Enríquez (1851-1908), autor dunha numerosa obra pero da que resaltaremos aquí os *Aires da miña terra*, porque nela recolle a curiosa lenda da Virxe do Cristal, ó pé de Vilanova, tristemente recordada polo roubo hai poucos anos da minúscula imaxe (quizais do s. XVII), roubo que causou a dramática morte do párroco do Santuario, lugar de enorme devoción na comarca.

Curros, que tamén nos fala doutra referencia da música nestas terras, o Gaiteiro de Penalta, quedou perpetuado nun poderoso busto feito polo "escultor da raza" Francisco Asorey, colocado diante da Alameda e mirando retador ó mosteiro, pois son ben coñecidos os problemas que o autor tivo coa Igrexa en toda a súa vida. O propio Asorey fixo o gran monumento homenaxe a Curros nos Cantóns da Coruña, terra de adopción final do escritor.

Asorey fixo o gran monumento homenaxe a Curros nos Cantóns da Coruña

S. Rosendo no retablo de Celanova

Para rematar aquí coa nómina de persoeiros (que é máis ampla e segue aberta como sabe calquera que coñeza as terras de Celanova) lembremos a Celso Emilio Ferreiro, nado poucas casas máis abaixo da casa de Curros (hoxe xestionada pola exemplar Fundación da Casa dos Poetas), dándolle carácter a esta 'Calle Arriba' fronte á máis típica e popular 'Calle Abaixo'. Celso Emilio, de extensísima e transcendente obra no mundo literario galego resumiu a aprecio pola súa terra coa súa obra *Onde o mundo se chama Celanova*.

O percorrido podemos pechalo de novo en Vilanova das Infantes, lugar ó que está vinculado (aínda que nado en Ourense) outro prolífico escritor de referencia en Galicia, ademais de activista político coherente e combativo como Xosé Luís Méndez Ferrín, que na súa obra *Arnoia Arnoia* tamén nos recorda a cunca fluvial que drena estas terras históricas, de xentes cultas e traballadoras.

Para saber máis recomendamos o libro con CD musical de OUVIRMOS, *Itinerarios histórico-musicais. Celanova*, (Xunta de Galicia 2007).

In memoriam

Xaquín Campo Freire. San Sadurniño. Verán2024.

Ramón Díaz Raña. O home, a persoa, o crego: rodeado sempre da súa xente[1]



Pídenme achegar un testemuño sobre Ramón Díaz Raña, nos seus tempos de crego de San Sadurniño. Síntome moi afortunado por terdes pensado en min. Moitas grazas.

Son condiscípulo de Ramón nos doce anos de estudo desde 1951 ata 1963.

É ben difícil escribir sobre o pasado de alguén, porque a realidade é sempre moito máis rica de como un a ve e a viviu. Pero tamén, sen esa visión de cada quen, a percepción desa realidade fica sempre menos completa. Moitas teselas xuntas fan un fermoso mosaico.

Acabados de ordenarnos sacerdotes, unha equipa de tres compañeiros estabamos destinados para unha misión especial en Brasil. Finalmente non puido ser porque o bispo pensou en Ramón para secretario persoal. E foi ben así.

Quen queira coñecer a Ramón debe ler os seus moitos escritos en distintos medios, linguas e publicacións. Pero, aínda así, a persoa segue a transcender todo iso e eu quixera centrarme hoxe no home que eu coñecín e como me impactou.

Na súa longa enfermidade fun un máis dos que mantivemos relación moi achegada cando a vida xa nos sitúa fronte á nosa verdadeira verdade persoal e esencial no encontro persoal co Deus da paz. Foi un home moi de Deus e profundamente crente no Xesús dos pobres, enfermos e necesitados de promoción humana e de espiritualidade transcendente, asentada cos pés na terra, revitalizadora de todos os avatares humanos.

Iso que forma parte do máis íntimo en Ramón era a fonte da súa riqueza persoal e da creatividade extraordinaria traducida en feitos: Catareliña, cooperativas, conversas nas casas, Boa Nova, Movemento de cregos e leigos, etc

> Desclasouse da clerecía cara o mundo do campesiñado e emigrantes do que el procedía

O Ramón que nós coñecemos, adulto e xa feito, é froito de moitos influxos universais. Viviu en Roma todo o Concilio Vaticano II. E tivo a grande sorte de participar a cotío en primeira persoa e moi activamente en todos os actos celebrados na igrexa de S. Pietro, con influencias directas a través de moitos bispos de tendencias abertas. O coñecemento do mundo que aquilo lle deu foi amplísimo e profundo.

Ramón foi un home dunha gran visión. Desclasouse da clerecía cara abaixo, cara o mundo do campesiñado e emigrantes do que el procedía, no que había un latexo de vida e unha esperanza que comunitariamente tiñamos que facer posíbel no imposíbel para que rexurdira no máis aló dos desconcertos do tempo. A dinámica dos pobos. A alma colectiva é a que temos que saber recoller. Aí hai moito máis que figuras individuais: Está o "Nós".

Posteriormente volve a Roma á Universidade Gregoriana para ampliar estudos. Ía para bispo se non cambiasen os aires con Monseñor Rouco. E chegou a lei do péndulo, coa xeira máis conservadora nas políticas de exclusión de Margaret Thatcher e Ronald Reagan que aínda perduran hoxe no mundo.

1 - Acto oficial ao que fomos convidados Martinho Montero e mais eu. Extracto do texto publicado en Galicia Dixital

Non vou falar de Saraibas nin das obras materiais nas que el mesmo traballou fisicamente. Nin sequera de "O Pumariño". Diso sabedes máis e moito mellor os de aquí.

Pero si vou citar o seu papel decisivo en tantas cousas:

Na Romaxes de crentes galegos. Sempre con Saraibas. E a súa participación moi activa na creación de Irimia e Encrucillada.

Na Reforma da Igrexa en Galiza, sabendo que ela tiña aínda un papel moi importante.

Encontros de cregos galegos na liña conciliar e aberta do Vaticano II en reunións, aquí, cada 15 días.

As súas viaxes percorrendo quilómetros sen xeito e ás deshoras por España e pola nosa Galiza enteira para logo non encontrar a persoa que ía ver ou volver para a casa con un non descorazonador. Pero el volvía a teima.

A Lotaría do "Gordo" en Santaballa. O intento de convencer a xente para reinvestir en negocios rendíbeis para eles, certamente, pero tamén pensando en prol da Galiza e non en desbaldos baratos e efémeros, para que non se esfumasen decontado polos sumidoiros da gran banca en intereses foráneos, distantes de nós e da mellora do noso país, como así sucedeu. Non foi quen de os concienciar e acusábano de ter intereses persoais

a súa memoria perpetúase na memoria do "Nós" colectivo

e especulativos. Iso doeulle. Non era verdade. Cansou.

O conflito das Enchousas que vivín moi de perto, como tamén Martiño, Moncho Valcarce e un grupo de cregos e leigos. D. Miguel Araújo, o bispo tivo unha actitude profundamente evanxélica.

Todo iso e moito máis merecería varios artigos de fondo para facermos entre todos unha aproximación á verdadeira figura non só de Ramón, senón de todos vós, os anónimos que vivistes esa época conxuntamente con el. Se pensades facer unha publicación que realmente nos achegue e nos perpetúe o home, a persoa, o crego, xa sería ben. Pero con el todos vós. Porque esta praza é de todos vós.

Esta celebración é imprescindíbel. Pero a súa memoria perpetúase na memoria do "Nós" colectivo que é quen lle dá consistencia e transcendencia ás comunidades, máis alá do tempo, das persoas e das vidas individuais. Eu anímovos a tal empresa, que non é moi custosa economicamente e si favorece novos actos da nosa memoria. E en vós hai vida e xuventude. E hai autoridades que vós elixistes e que están aquí presentes. Estamos diante dunha personalidade moi rica pero moito máis se a situamos no medio dos seus fregueses como el estivo sempre.

Se faltades vós e as xeracións vindeiras, podemos ter unha corda illada que dá unha notas solta ao aire. E xa é moito. Dá o ton. Pero se á guitarra lle falta a caixa de resonancia que sodes vós, a comunidade das terras de San Sadurniño, daquela non pode haber música. Só convosco, con Ramón no medio, pode haber novas melodías e cantareliñas. Só con vós pode seguir a historia viva e non só recordos perdidos na memoria. Ben o merece San Sadurniño.

Vou pedirlle prestada a Curros Enríquez o poema "Pola unión" para expresarvos os vivos desexos de Ramón Díaz Raña no día de hoxe e sempre:

Galegos que me escoitades, / galegos que a verme vides
hoxe de eiquí non saídes / sin face-las amistades!
Das nosas debilidades / o diaño non se ha de rir.
Vámonos todos a unir, / matando rencores cegos;
que na unión dos bos galegos /está da patria o porvir!

Que a mensaxe de Ramón Díaz Raña siga sempre viva entre nós. Moitas grazas.



Irimia en Lila

María Pereira, MCG Exeria

Liberdade, igualdade e sororidade no século XXI

"Cerimonia de apertura dos Xogos Olímpicos que parodiaba o cadro de A última cea de Leonardo da Vinci."

Un estímulo dos que marcan a túa carreira profesional foi o que tivo Thomas Jolly (Rouen, 1982) cando lle encargan a organización das cerimonias inaugural e de clausura dos Xogos Olímpicos de París. E un pulso valente, actual e consciente da súa aposta foi a resposta que o director de "La Piccola Familia" nos está a trasladar o venres 26 de xullo e o domingo 12 de agosto de 2024.

Non semella doado presentar o Sena como caixa escénica, mais as impoñentes escenografías que o curso da historia chantou nas beiras do río serven en bandexa un propósito artístico que non deixa indiferente. Para iso conta coa colaboración de Patrick Boucheron (París, 1965), un dos máis prestixiosos historiadores, un dos artífices da actual renovación historiográfica europea e que aconsella tamén a nivel escenográfico.

Por que dous homes á cabeceira desta "Irimia en lila"? Porque a súa complicidade e "savoir faire" foron quen de sacudir as nosas miradas e poñernos diante da sociedade de hoxe en día, fragmentada, diversa, que non entendemos e que nos incomoda. E que mellor que transgredir as iconas da cultura francesa con festa! E que mellor que a través das mulleres, d@s trans, queer, co adubío irredento do baile que é corpo real, movemento que convida á fusión e da música popular que alegra o corazón! Porque os dous son conscentes de que o francés de Aya Nakamura ten que entrar na Academia diante da que cantou, porque o "Imagine" interpretado en inglés cun leve sotaque parisino por Juliette Armanet ten que entrar nos nosos soños, porque a "Marsellesa" entoada pola muller de cor Axelle Saint-Cirel filla de inmigrantes da Illa de Guadalupe enriba do Grand Palais ten que superar a iconografía aceptada, porque o irreverente "Ça Irá" de María Viotti e Cojira na propia Bastilla ten que entrar nas Constitucións e a coroa de Barbara Butch e todo o seu indisciplinado corpo de baile ten que entrar na Igrexa.

E que mellor que transgredir as iconas da cultura francesa con festa!

E, además, porque foi conforme coa realidade política que representan as persoas que ocupan as alcaldías de Paris e Los Angeles e que tiveron protagonismo no peche da cerimonia de clausura dos xogos olímpicos: Anne Hidalgo, alcaldesa de París e Karen Bass de Los Angeles. As dúas comparten o feito de ser as primeiras mulleres alcaldesas na historia de cadansúa cidade, as dúas comparten a clara vocación social do seu programa, ben na loita pola igualdade, ben na loita contra a pobreza respectivamente.

E para rematar unha suxestión e un desexo. Como suxestión, un visionado á parte artística das cerimonias (tv á carta, youtube, etc.). Como desexo que para os vindeiros xogos olímplicos conten con mulleres na dirección artística e no asesoramento como as nosas Ánxeles Cuña Bóveda, Marta Pazos, Esther Carrodeguas, Laura Iturralde, Marta Verde, Rocío Sánchez Ameijeiras, Ofelia Rey Castelao, Carmen Manso, ...

XLVI Romaxe de Crentes Galegos
‘A Terra Quer Coidados’



A celebración da Romaxe deste ano céntrase na necesidade dos coidados. Coidar da xente, coidar da terra. Coidando da xente coidamos a terra e coidando a nosa terra coidamos da nosa xente. Galicia, e máis aínda, a Galicia rural, ten que transformarse nun lugar de coidados, con creatividade, con solidariedade, con iniciativas sociais e políticas públicas adaptadas. Como en Lodoselo, facer da nosa tradición e maneira de vivir unha fonte de inspiración para o coidado da vida que dá vida. Iso celebraremos.

Únete a nós e convida a túa contorna!

O sábado 14 de setembro no Campo da Lama, Lodoselo. Sarreaus. A Limia (Ourense)

Como chegar a Lodoselo (Campo da Lama).

No noso taboleiro da revista anterior 1061 xa aparecía información sobre como chegar. Explicámolo brevemente:

Coordenadas:
Latitude 42º 4´ 13.86´´ N
Lonxitude 7º 35´ 34.05´´ W

Vindo de Ourense Pola A-52, tómase a saída Abavides PK 188 (é a seguinte á de Xinzo de Limia).

Incorporámonos á N-525 e collemos á dereita (só quedan uns 10 Km).

A maiores imos poñer indicadores que recen: Romaxe

Consello importante:

Podes traer unha cadeira e algo para o sol (gorro, chapeu, visera, sombreiro de palla…)

Horario definitivo:

11.00h	**Acollida**
12:00h	**Celebración**
14:00h	**Xantar**
15:30h	**Sobremesa e foliada**
17:00h	**Fin de festa. Cantamos coa Quenlla**

ONDE IMOS PASAR O DÍA?

Con esta ilustración e unhas cantas notas xa vos imos familiarizando cos espazos nos que imos pasar o día.

PUNTO 1

A proposta é chegar á redonda que aquí aparece sinalada co punto 1 (e que ides ver na estrada pola que chegaredes OU 1104) onde xa vos agardaremos coa xente de protección civil que indicarán ó condutor onde pode aparcar (sinalado de branco polos arredores de onde imos estar).

PUNTO 2

Aí xa podedes baixar e ir cara o punto 2 (casa reitoral/albergue, a 110 m) onde vos daremos a benvida cun bocadiño de pataca da Limia acompañada e en boa compaña. Nese espazo é onde están os baños que imos poder empregar ó longo da xornada así coma locais que podedes ir coñecendo e que se poderán empregar ó longo da xornada.

PUNTO 3, 4 e 5

A celebración será no punto 3. Lembrarvos que tedes a posibilidade de visitar tamén a vivenda comunitaria (A túa outra casa, punto 4), o Centro de

XLVI Romaxe de Crentes Galegos
‘A Terra Quer Coidados’

Día (Casa niño, Xardín sensorial... p. 5) e, ou dar unha volta polo pobo (mesmo guiados polos códigos qr (xogo de pistas) Pobo escola: Aprender no pobo, do pobo, o pobo. Non podedes perder a visita ó fiadeiro, forno, casas da Memoria...

ALOXAMENTO

Se quixerades vir o día anterior e pasar a noite por aquí lembrade que tedes a opción do albergue do Pobo escola https://www.cdroviso.org/files/mscoviso/2022-1/5-13-28-42.admin.Albergue_O_Campi_ntildeo1.pdf. O que era a casa reitoral de Lodoselo, que son 4 cuartos con liteiras e os baños fóra das habitacións... así que se necesitamos algo máis cómodo e reservado tedes a posibilidade de mirar en diferentes sitios do Concello de Sarreaus https://aldeacouso.com/ a 5 Km. Ou calquera nos limítrofes Trasmiras (7km), Xinzo (14 Km)...

VISITA

En calquera caso gozade da Limia. O Paco F. de Cortegada cando fixeramos a primeira publicidade do Pobo escola ditounos algo que quedou finalmente recollido así naquel tríptico: Comarca lobular cal folla de carballo que dirixe o seu pedúnculo cara poñente, saída do río Limia (Lethes). De entrañas lacustres e artúricas; codias graníticas e bretemosas, sementadas de historia: castros, torreóns góticos, mosteiros, basílicas románicas e platerescas, cruceiros e graciosos petos de ánimas; casas de labranza, hórreos e muíños. Aquí conviven bidueiros e carballos, uces brancas e marelas, nichas liláceas, xirasois, nenúfares e beóns, patos salvaxes, ras e gráciles zarapicos...

AVISO:

Por erro enviouse xunto co anterior número de Irimia un texto da Romaxe 2024 que non se correspondía coa versión final. No propio lugar da Romaxe haberá textos coa versión definitiva ao dispor da xente asistente, de maneira que se poderá cambiar alí mesmo. Tamén se pode baixar ao teléfono móbil a versión correcta do texto na páxina web de irimia: www.irimia.gal, evitando así o consumo innecesario de papel. Pedimos desculpas polas molestias ocasionadas.

Edita: Asociación A. IRIMIA - Dende setembro de 1981
Coordinación da edición: Rosa María Rodríguez García.
Consello de redacción: Daniel López Muñoz, Luís Gómez Aldegunde, Lidia Campos Chan, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez, Lucía Santiago Díaz, Marta Sopeña Font, Rubén Aramburu Molet, Tino Santiago, Baldomero Iglesias Dobarro (Mero), Xan Guillén Vázquez, Teresa Souto Loira, Christina Moreira, María Pereiro, Xabier Blanco, Clara Baliñas, Marisa Vidal, Xosé Lois Vilar, Lois Ferradás, Olga Álvarez, Beatriz Cedrón Vilar.
Colaboradores: Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Tareixa Ledo Regal, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto Varela, Carlos Vázquez, Jessica Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Gumersindo Campaña Ferro, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medín, Francisco Almuíña, Alfonso Mascuñana Bordas, Antón Laxe, Josecho Barca López, Felipe Arias Vilas, Elvira Santos, Beatriz Mosquera, Madó Domínguez, Anuncio Maroño, Clara Raposo, Beatriz García Turnes, Belén Caballo, Manuel García Turnes.
Recepción de artigos e colaboracións en: asoc.irimia@gmail.com

Subscricións:
Telf.: 615 464 095 / irimia@irimia.gal
Ordinaria: 35 Euros, de Apoio: 50 Euros. Cota de socio: 10 Euros.
Para asuntos da asociación non relacionados coa revista: irimia@irimia.gal
Conta: Fiare Banca Etica
ES10 1550 0001 2500 0078 9628
Depósito Legal: C-1417-81
Tirada: 450 exemplares
Deseño e maquetación: TallerDD (Riveiro)
ISSN: 2172-9182
Imprime: TÓRCULO Artes Gráficas
Distribúe: IMPACTA
Edición electrónica: http://irimia.gal
Feito en papel reciclado

Actividade subvencionada pola
Deputación DA CORUÑA

Boa Nova

Leonardo Boff

Frater planetario

© Foto: https://news.un.org/es/story/2021/08/1495732

Non abondan a ciencia e a tecnoloxía para diminuír os gases de efecto invernadoiro. É crer demasiado na omnipotencia da ciencia.

É urxente outro paradigma de relación coa natureza e coa Terra, que non sexa destrutivo senón amigable e en sutil sinerxía cos ritmos da natureza. Isto obrigaría a unha transformación radical do modo de produción actual, capitalista, que aínda se move en gran parte coa ilusión de que os recursos da Terra son ilimitados e que permiten, por iso, un proxecto de crecemento tamén ilimitado. O Papa Francisco na súa encíclica "Laudato Si: sobre o coidado da Casa Común" denuncia esta premisa como "mentira" (nº 106): un planeta limitado, en grao avanzado de degradación e superpoboado, non atura un proxecto ilimitado.

Na encíclica Fratelli tutti (2021) o Papa Francisco entende o aviso do Covid-16. Contrapón dous proxectos: o vixente, da modernidade, cuxo paradigma consiste en facer ao ser humano "dominus" (dono e señor) da natureza, e o novo que el propón, o de facelo "frater" (irmán e irmá), incluíndo a todos, os humanos e os demais seres da natureza. Este novo paradigma do "frater planetario" fundaría unha fraternidade sen fronteiras e un amor social. Se non facemos esta travesía, "non se salva ninguén" (nº 32).

A gran cuestión é esta: o modo de produción capitalista mundializado mostra vontade política, ten capacidade e razonabilidade suficientes para permitir este cambio radical? Ese sistema capitalista fíxose "dominus" (o "maître et possesseur"de Descartes) da Terra e de todos os seus recursos. Os seus mantras son: o maior lucro posible, conseguido por unha competencia feroz, acumulado individual ou corporativamente, mediante unha explotación devastadora dos bens e servizos naturais. Deste xeito de produción orixinouse o descontrol climático e o que é peor, unha cultura do capital, da cal dalgunha maneira todos somos reféns. Como saír dela para salvarnos?

Temos que cambiar, se non, como di Zygmunt Bauman, "imos engrosar o cortexo dos que se dirixen cara á súa propia sepultura".

O proceso da cosmoxénese e da antropoxéne propiciaron tamén a emerxencia da fe e da esperanza. Elas son parte da realidade total. Non invalidan as advertencias citadas, pero abren outra xanela que nos asegura que "o Creador creou todo por amor porque é o apaixonado amante da vida" (Sabedoría 11,26).

O principio esperanza supera todos os límites e mantén o futuro sempre aberto.

Falando da lingua

Lidia e Valentina

Mudan os tempos?

Vai xa acabando o verán en canto a datas se refire (no climatolóxico xa non entramos...) e se hai algo propio desta estación no noso país son as festas (emparentadas máis ou menos cos patróns ou patroas parroquiais), a maioría con verbena asociada pola noite. Pois por circunstancias que non veñen ao caso, acabamos nalgunha destas festas nocturnas nas que actuaban dúas orquestras que son fenómenos de masas. Seguro que sabedes a cales nos referimos.

E se vos estades a preguntar a que vén isto a conto nunha sección de lingua, seguide lendo...

Non imos afondar no fenómenos sociolóxico que supoñen ao mobilizar xente moza por onde van, e tampouco imos reflexionar sobre como na nosa xuventude (onde ela vai!) estas mesmas orquestras actuaban só para os nosos pais e nais, mentres a nosa xeración iamos ás discotecas. No que si nos imos deter é no seu efecto para a normalización da nosa lingua e da nosa cultura. Daquela queriamos levarvos á reflexión sobre o (non) uso da lingua galega e sobre o (non) repertorio musical ligado ao noso, de todas as orquestras en xeral. E cando dicimos "ao noso", falamos dun repertorio amplo no que se difunda música feita en galego, de calquera época ou estilo, para ofrecérllela ás masas que moven.

Nós aínda lembramos a histórica París de Noia de ben nenas, nas vésperas da democracia, alá nos 70, cantando, no medio de rancheiras e pasodrobres, a Rianxeira, o Pousa Pousa e tocando calquera muiñeira que nos facía sacar uns puntos. O outro día escoitámoslle a metade do retrouso das dúas primeiras no último minuto para pecharen un espectáculo, de varias horas, no que houbo todo tipo de música en español e inglés. Non estivemos a toda a actuación da Panorama, pero o repertorio foi parecido, só que aquí Lito, o famoso cantante e condutor do espectáculo, falou todo o tempo en galego. Aplausos... e que dure. Antes, Blas, na París, tamén o facía... Pero para que o faga o rapaz suramericano que fai agora a locución, hai moito traballo previo que pasa por que aprenda galego sen que o perciba coma unha "imposición", mais disto xa falaremos noutro número.

E non interpretedes, de maneira simplista, que estamos a reivindicar que as orquestras toquen muiñeiras, senón que, como espectáculos que son, onde -ademais de amosarnos luces, acrobacias, performance- interpretan pezas musicais alleas, ben podían difundir algunhas de grandísimas artistas que temos na terra, de estilos ben diferentes, desde rock a o tradicional "modernizado". E se os presentan na nosa lingua... mel nas filloas.

Porque... mudan os tempos, pero parece que non mudan as vontades...

París de Noia